

árbores de froitos exquisitos e nas pozas de barro.
 As outras elefantiñas mirábana dende o seu xardín.
 O primeiro día, aterradas.
 O segundo día, con desaprobación.
 O terceiro día, pampas.
 E o cuarto día, mortas de envexa.
 Ao quinto día, as elefantiñas máis arriscadas empezaron




quixo endexamais, volver levar zapatiños, nin comer peonias ou anémonas, nin vivir dentro dun xardín valado.

E dende aquel entón, é moi difícil saber, vendo xogar aos pequenos elefantes da manada... cales son elefantes e cales son elefantas.


Parécense tanto!

a saír unha tras outra do valado.
 E os zapatiños, os colos e os bonitos lazos rosas quedaron entre as peonias e as anémonas.
 Despois de xogar na herba, de probar os riquísimos froitos e de durmir á sombra dos grandes árbores, nin unha soa elefantiña



Rosa Caramelo


Adaptación da obra de Adela Turin e Nella Bosnia. EDIT.: Lumen. Ilustracións: 2º A



8 DE MARZO DE 2011 DÍA DA MULLER

**BIBLIOTECA
CEIP DE Palmeira**





Había unha vez no país dos elefantes...

...unha manada na que as elefantas eran suaves coma o veludo, tiñan os ollos grandes e brillantes, e a pel de cor rosa caramelo.


Todo isto debíase a que, dende o mesmo día do seu nacemento, as elefantas só comían anémonas e

peonias. E non era que lles gustaran estas flores: as anémonas, e todavía peor as peonias, teñen un sabor malísimo. Pero, eso sí, dan unha pel suave e rosada e uns ollos grandes e brillantes.

As anémonas e as peonias crecían nun xardinciño valado.

As elefantiñas vivían alí e pasábanse o día xogando entre elas e comendo flores.

- Pequerrechas -dicían seus pais- tedes que comer todas as peonias e non deixar nin unha soa anémona, ou non vos faredes tan suaves e tan rosas coma vosas mamás, nin teredes os ollos tan grandes



e brillantes, e, cando sexades maiores, ningún fermoso elefante querrá casarse con vos.

Para volverse máis rosas, as elefantiñas levaban zapatiños cor de rosa, colos cor de rosa e grandes lazos cor de rosa na punta do rabo.

Dende o seu xardinciño valado, as elefantiñas vían aos seus irmáns e aos seus curmáns, todos dun fermoso cor gris elefante

que xogaban pola sabana, comían herba verde, duchábanse no río, revolcábanse na lama e facían a sesta debaixo das árbores.

Só Margarita, entre todas as pequenas elefantas, non se volvía nin un pouquiño rosa, por máis anémonas e peonias que comera.

Esto poñía moi triste a mamá elefanta e facía enfadar a papá elefante.



- Vexamos, Margarita -dicíanlle- por que segues con esa horrible cor gris, que senta tan mal a unha elefantiña? É que non te esforzas? É que eres unha nena atravesada?

- Moito coidado, Margarita, porque si segues así non chegarás a ser nunca unha fermosa elefanta!

E Margarita, cada vez máis gris, mordiscaba unhas cantas anémonas e unhas poucas peonias para que seus pais estiveran contentos.

Pero pasou o tempo, e Margarita non se volveu de cor rosa.

Seu pai e súa nai perderon pouco a pouco a esperanza de vela convertida nunha elefanta guapa e suave, de ollos grandes e

brillantes. E decidiron deixala en paz.

E un bo día, Margarita, feliz, saíu do xardinciño valado.

Quitouse os zapatiños, o colo e o lazo cor de rosa. E foi xogar sobre a herba alta, entre as ...

